

INFORME TECNICO REDACTADO DE CONFORMIDADE CO ARTÍGO 5.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 975/2009, DE 12 DE JUNIO, SOBRE GESTIÓN DE LOS RESIDUOS DE LAS INDUSTRIAS EXTRACTIVAS Y DE PROTECCIÓN Y REHABILITACIÓN DEL ESPACIO AFECTADO POR ACTIVIDADES MINERAS

IGNACIO SOTO GONZALEZ, arquitecto do Concello de Teo, por petición do Sr. alcalde requiríndome a emisión dun informe de compatibilidade urbanística do plan de restauración para la concesión de explotación “Casalonga” nº6996, emite o seguinte informe:

Requirido ao concello de Teo informe, pola xefatura territorial da consellería de economía, emprego e industria, conforme ao artigo 5.1 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras en relación ao plan de restauración para a concesión de explotación “Casalonga” nº6996, en materias da competencia municipal, máis concretamente en canto á compatibilidade urbanística do plan.

O informe urbanístico de compatibilidade acredita a cualificación urbanística dunha parcela, a afectación de bens ou dereitos de titularidade municipal por parte da mesma, a compatibilidade da actividade e do establecemento onde se quere exercer co réxime de uso e edificación establecido na lexislación urbanística e no planeamento aplicable, así como a dispoñibilidade e a suficiencia dos servizos públicos esixibles á actividade.

É polo tanto un documento de estrito carácter urbanístico, se ben se emite dentro dun expediente sobre xestión de los residuos de las industrias extractivas y de protección y rehabilitación del espazo afectado por actividades mineiras, polo que as valoracións nel contidas son emitidas en observancia da normativa urbanística de aplicación con independencia do que dispoña a normativa mineira.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.(TRLS)
- Lei2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (RLSG)
- Decreto 19/2011 do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio (DOT)
- Plan Xeral de Ordenación de Teo (PXOM)

DOCUMENTACION

La documentación aportada por la delegación territorial para o seu análises es:

- Plan de restauración da concesión de explotación “Casalonga” nº 6996 (xaneiro 2019)
- Anexo maio 2019- Plan de restauración da concesión de explotación “Casalonga” nº 6996
- Documento ambiental. Avaliación de impacto ambiental simplificada (Xullo 2019)

ANTECEDENTES

Con data 31 de agosto de 2018 remítese por parte da xefatura territorial da conxellería de economía, emprego e industria da Coruña, copia da actualización do plan de restauración ao concello de Teo solicitando informe sobre as materias da súa competencia.

Con data 24 de setembro de 2018 o concello de Teo remite á xefatura territorial da conxellería de economía, emprego e industria da Coruña informe técnico sobre o plan de restauración no que se poñen de manifesto diversas incompatibilidades do plan presentado a lexislación urbanística e o PXOM de Teo.

O 9 de novembro de 2018 o xefe territorial da conxellería de economía, emprego e industria da Coruña, emite proposta para denegar a autorización do plan de restauración presentado o 31 de xullo de 2018.

Con data 17 de decembro de 2018 notificase resolución de denegación da autorización do citado plan, ditada pola dirección xeral de enerxía e minas.

INFORME

Con carácter previo ao informe de compatibilidade urbanística gustaríame facer unha reflexión sobre a procedencia da tramitación simplificada da tramitación de avaliación de impacto ambiental conforme á lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Se a actividade recollida no plan de restauración enténdese dentro da propia actividade mineira extractiva, como un só indisoluble por ser unha obrigação inherente á actividade mineira, conforme ao momento 5 do ANEXO I da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, serán proxectos sometidos á avaliación ambiental ordinaria regulada no título II, capítulo II, sección 1.^a, as explotacións visibles desde autoestradas, autovías, estradas nacionais e comarcais, espazos naturais protexidos, núcleos urbanos superiores a 1.000 habitantes ou situadas a distancias inferiores a 2 km de tales núcleos. No caso que nos ocupa a explotación é visible desde estrada comarcal mais concretamente desde a estrada provincial DP-0205 e polo tanto procedería a avaliación de impacto ambiental ordinaria e non a simplificada.

O plan presentado titúlase PLAN DE RESTAURACIÓN DA CONCESIÓN DE EXPLOTACIÓN “CASALONGA” Nº 6996, redactado pola enxeñería Ingeniería Pedra S.L., e asinado pola enxeñeira de minas Dona Luisa Álvarez Zaragoza.

O ámbito de actuación non se corresponde coa superficie recollida no ámbito do documento de impacto ambiental, superficie de 75,11 ha, circunscribíndose a unha área máis pequena de aproximadamente 55,85 ha cuxa delimitación pode observarse no plano nº6 do plan. Dita redución do ámbito carece de motivación algunha no plan presentado, máis alla da afirmación de que a superficie excluída non esta afectada polo proxecto de explotación vixente, razón que igualmente valería para excluíla do documento ambiental. Afírmase no devandito plan que pretende devolver os terreos ocupados pola explotación á súa morfoloxía orixinal, para o que se procederá ao seu recheo con residuos inertes. Unha vez remodelado o terreo preténdese dar á zona un novo uso baseado no aproveitamento forestal e na creación dun bosque autóctono.

O ámbito onde se pretende desenvolver a actividade proposta está clasificada polo vixente PXOM de Teo, como solo rústico, dentro da súa categoría protección ordinaria.

Conforme á disposición transitoria primeira da Lei do solo de Galicia (LSG), que regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento adaptado, dispón no seu apartado 1.d) ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo. Será, polo tanto, de aplicación neste caso o que regula a LSG e o RLSG para o solo rústico, máis concretamente os artigos 31 ao 40 da LSG e 45 ao 63 do RLG, ademais do artigo 91 da LSG, 216 do RLSG e Anexo 1 do RLSG. Manterá, polo tanto, a clasificación de solo rústico na súa categoría de protección ordinaria, aínda

que non será de aplicación a ordenanza que figura no PXOM senón que será de aplicación o determinado na LSG e RLSG.

Conforme ao artigo 35 da LSG poderíamos estar a falar da letra k) do artigo 35, en canto a usos permitidos en chan rústico, actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio.

Conforme ao artigo 36 da LSG os usos e actividades relacionados no artigo 35 son admisibles en calquera categoría de chan rústico, sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do territorio e, no seu caso, previa obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

Conforme ao artigo 39 da LSG para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, para calquera clase de edificacións ou instalacións no chan rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

Estas solucións haberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías esixidas para o efecto pola Administración

Actualmente o acceso á instalación realízase mediante unha estrada de titularidade municipal que conecta a estrada provincial DP-0205, coa estrada nacional 550 no seu tramo Santiago-Padrón. Trátase dunha pista de concentración parcelaria de San Xoan de Calo, con data de firmeza do acordo de 01/12/2010, e data de entrega dous títulos ao Concello de Teo de 18/12/2013. Dito viario coa entrada en vigor do actual PXOM de Teo, forma parte do sistema xeral viario, na súa categoría IV. Dita estrada ten unha limitación de tara máxima de 4,5 tn., o cal a fai absolutamente inadecuada para a actividade de restauración pretendida o acceso rodado de uso público, xa que para poder levar a cabo a pretendida actuación de restauración sería necesario o continuo tránsito de camiións e maquinaria de alto tonelaxe **polo que o plan proposto non cumpriría as condicións xerais de implantación en solo rústico.**

Por outra banda no plan de restauración non se ten en conta a existencia da devandita estrada, nin do seu carácter como sistema xeral, como propiedade demanial do concello de Teo, modificando as súas rasantes, de maneira que o os distintos perfís do estado final da restauración non pode observarse cal será o seu estado final. Sería necesario un perfil lonxitudinal do viario municipal para poder

determinar cal serán as rasantes, pendentes e demais características xeométricas da vía e a súa posible adecuación ou non ao cumprimento de normativa de aplicación

Este técnico non entra a valorar as cuestións xurídicas respecto a posibilidade de actuar por parte dun privado sobre bens de titularidade municipal máis aínda sendo de carácter demanial ata o punto de modificalos na súa configuración física e xeométrica, sen ningunha autorización por parte da administración titular do ben.

Por último gustaríame apuntar un aspecto que me parece importante en canto á consideración dos estados inicial e final da restauración. Á hora de achegar os estados previos á operación de restauración, soamente están a ser consideradas actuacións de recheo, de incorporación de material para conseguir que as zonas escavadas pola actividade mineira recuperen os perfís previos á actividade extractiva, pero en ningún momento están a reflectirse aquelas zonas existentes dentro do ámbito proposto polo plan no que durante o transcurso da explotación da mina producíronse grandes provisiones de material, que modificaron substancialmente a orografía do territorio e que tamén deben ser considerados no plan de restauración mediante a retirada de todo o material vertido para poder así recuperar os estados previos ao funcionamento da canteira. Este feito é facilmente constatable na zona sur do ámbito, no seu linde coa estrada provincial onde existen montañas artificiais de recheos de material que debería ser contemplado no plan de restauración en canto á súa retirada, pero que vistos os perfís que se achegan no plan como iniciais e finais non se pretende actuar sobre eles, e por tanto non dando cumprimento á propia finalidade do plan, devolver os terreos ocupados pola explotación á súa morfoloxía orixinal.

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outra mellor formada, ten carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para ó axuste á legalidade vixente da actuación pretendida.

CONCLUSIONS

A actividade prevista no plan de restauración da concesión de explotación “Casalonga” nº 6996 (xaneiro 2019) mais o anexo de maio 2019 non cumpre coas condicións de implantación fixadas no artigo 39 da LSG, mais concretamente coa condición de garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación.

El plan presentado non ten en conta a la hora de devolver os terreos ocupados pola explotación á súa morfoloxía orixinal, as modificacións de provisión de materiais producidas durante o funcionamento da actividade mineira que modificaron de maneira substancial a orografía orixinal, tomándose nos planos de estado actual como estado natural do territorio e non como modificado, antropizado e que debe ser

SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS.



restaurado mediante a retirada dos almacenamentos de material.

Existe unha discordancia non xustificada entre o ámbito presentado á DIA e o ámbito do plan de restauración.

O plan contempla actuación de modificación de rasantes, xeometría e perfís do sistema xeral viario de titularidade municipal existente dentro do ámbito de actuación, sen que exista autorización, nin coñecemento por parte do titular do ben.

Teo, 13/08/2019

O Arquitecto municipal

Ignacio Soto Gonzalez